

Insira aquí o título do Proxecto: Aprendizaxe da Anatomía Patolóxica Veterinaria baseado na resolución de problemas

Nome do profesor do coordinador: M^a Isabel Quiroga Berdeal

Descrición dos materiais producidos

Durante a realización do proxecto de innovación educativa se consegue un material de gran valor didáctico, que unha vez clasificado pode servir para múltiples actividades:

1. Conséguese casos clínicos completos (acompañados de imaxes, informes de necropsias, informes clínicos, resultados de probas laboratoriais complementarias, bibliografía...) que non soamente son útiles para a preparación da materia Anatomía Patolóxica Veterinaria senón que resultan válidos para outras disciplinas da licenciatura posto que eses casos se poden estudar dende outro punto de vista.
2. Colección de imaxes de lesións que unha vez clasificadas permitirán a elaboración de CDs específicos e coleccións de imaxes susceptibles de colocarse na páxina web do Departamento que sirvan de apoio os alumnos no estudio da materia nos cursos vindeiros.
3. A creación de material didáctico para a formación continuada de profesionais veterinarios.
4. Incremento do número de casos clínicos da histoteca o que contribúe a unha mellor organización de outras prácticas da materia (prácticas de histopatoloxía básica) e favorece a formación de alumnos de terceiro ciclo que están interesados en obter unha especialización en Anatomía Patolóxica (preparación do exame do “European College of Veterinary Pathology”).
5. Obtención de casos clínicos de gran interés para a súa divulgación en foros científicos.

Descrición das tarefas realizadas por cada membro

Os participantes no proxecto fomos os que temos docencia asignada na materia Anatomía Patolóxica Veterinaria:

Profesores:

- José M^a Nieto Martínez
- Ana M^a Bravo del Moral
- M^a Isabel Quiroga Berdeal
- Sonia Vázquez Rodríguez
- Mónica López Peña

Bolseiros:

- Roberto Bermúdez Pose
- Paulo Vilar Saavedra

Técnico de laboratorio:

- Carmen Carreira Valle
- Casimira Rodríguez Mendonça

Fixemos un reparto dos grupos de prácticas entre os diferentes profesores de acordo co POD da materia polo que todos participamos na totalidade das actividades e buscamos os mesmos obxectivos nos grupos de prácticas dos que fomos responsables.

Na introducción do material na USC virtual foi decisiva a colaboración do bolseiro de investigación Roberto Bermúdez Pose, que non figuraba inicialmente como persoal colaborador no proxecto.

A labor do bolseiro Paulo Vilar Saavedra asignado o proxecto de innovación educativa, foi moi positiva e integrouse perfectamente na dinámica do proxecto realizando unha importante labor no seguimento dos casos clínicos asignados os alumnos (realización das imaxes dixitais, recompilación da información completa correspondente o caso, procesado de parte das mostras para estudos histopatolóxicos, etc.)

Grao de cumprimento dos obxectivos do proxecto

- Obxectivo primeiro, 100%
- Obxectivo segundo, 100%
- Obxectivo terceiro, 80%
- Obxectivo cuarto, 100%
- Obxectivo quinto, 80%
- Obxectivo sexto, 80%
- Obxectivo sétimo, 90%
- Obxectivo octavo, 80%

Grao de cumprimento do plan de traballo

No plan de traballo pretendíase, por un lado, favorecer o alcance dos obxectivos específicos para a materia, xunto a adquisición de outras habilidades que consideramos imprescindibles para o desenvolvemento profesional dun veterinario (e que quedan plasmadas nos obxectivos xerais do proxecto), e por outra banda, estimular os alumnos e a nós mesmos no uso da USC virtual como espazo de comunicación entre alumno e profesor.

O plan de traballo levouse de acordo o establecido na memoria descritiva do proxecto e consideramos que os obxectivos do proxecto de innovación educativa e os obxectivos específicos da materia se cumpriron de xeito óptimo, aínda que foron varios os problemas que atopamos no desenvolvemento do mesmo e que a continuación expoñemos de forma resumida:

1. Escasa experiencia no uso da USC virtual tanto dos profesores como dos alumnos a pesar de que a maioría dos profesores participantes fixéramos con anterioridade o curso básico da USC virtual. O problema fundamental atopámolo na inserción das imaxes de prácticas (é preciso comprimir previamente as imaxes e introducilas nun arquivo de powerpoint organizadas por casos xa que o programa non permite descargarlas como carpetas) polo que precisamos máis tempo do que tínhamos calculado para facer ese traballo e non fomos capaces de completar a información en todos os grupos de prácticas; por outra banda que os alumnos non están familiarizados no uso da USC virtual (moitos deles descoñecen que teñen unha conta de correo na propia USC).

2. Maior número de alumnos dos que figuran no PDA do curso 2004/2005. O cálculo para a nosa materia foi feita para ese curso sobre 60 alumnos e tivemos matriculados a 115 alumnos polo que as nosas expectativas para levar a cabo o proxecto se desbordaron.

3. Gasto importante de material funxible que foi asumido con cargo a proxectos de investigación.

4. Ordenadores insuficientes. Adquiriuse un ordenador para que servise de apoio as prácticas pero para a elaboración das presentacións dos casos clínicos os alumnos tiñan que utilizar os ordenadores da Facultade e todos non dispoñen de gravadoras de CD.

6. Libros insuficientes. Dispoñemos dunha colección de libros específicos para Anatomía Patolóxica na propia Unidade, algúns dos cales non existen na biblioteca ou se atopan en número reducido e resultan imprescindibles para a preparación e presentación dos casos.

7. A colaboración dun bolseiro no desenvolvemento das prácticas é fundamental posto que é o encargado de tomar fotografías durante as prácticas e ocuparse da organización do material para o seu posterior procesado. A experiencia co bolseiro seleccionado Paulo Vilar Saavedra foi moi positiva e adaptouse perfectamente o sistema de traballo, pero as horas de adicación o proxecto tivo que consumi-las na sala de necropsias polo que non pudo participar apenas no procesado do material e na descarga da información na USC virtual.

8. O procesado das mostras de laboratorio levouse a cabo por persoal con cargo a proxectos de

8. O procesado das mostras de laboratorio levouse a cabo por persoal con cargo a proxectos de investigación. Na unidade de Anatomía Patolóxica non dispoñemos de persoal PAS encargado de esta tarefa, polo que o traballo de técnico lévase a cabo pola boa vontade dos técnicos de laboratorio que traballan con nós ou ben polos propios profesores.

9. Axuda económica insuficiente. Aínda que a axuda concedida para o desenrolo do proxecto foi de gran utilidade porque nos permitiu adquirir un ordenador específico para prácticas e contar coa colaboración dun bolseiro, as prácticas que levamos a cabo cos nosos alumnos supoñen un gasto adicional importante en material e persoal que foi asumido con cargo a proxectos de investigación.

Valoración da experiencia

A pesar dos problemas expostos no apartado anterior valoramos moi positivamente a experiencia realizada posto que consideramos que os obxectivos marcados o inicio do proxecto se cumpriron moi satisfactoriamente e os alumnos mostráronse moi motivados coa experiencia. O problema co que nos atopamos neste intre é que o número de alumnos se incrementa considerablemente cada curso e que este tipo de actividades clínicas son moi difíciles de facer nas condicións actuais e precisarían poder traballar en grupos de alumnos mais pequenos (este ano traballamos con grupos de 10 alumnos), un maior presuposto económico para prácticas e bolsellos de colaboración e persoal PAS de apoio.